

## TEMA 2 O ISLAM

### O nacemento do Islam

(páxina 44)

1. Onde naceu o Islam?  
O Islam naceu na Península de Arabia.
2. Que elementos tiñan en común as diferentes tribos?  
Os elementos que tiñan en común eran a lingua árabe e o culto á Pedra Negra no santuario da Kaaba.
3. Quen era Mahoma?  
Mahoma era un caravaneiro que tivo unha visión do arcanxo Gabriel que lle revelou a doutrina de Alá.
4. Por que predicou unha nova relixión? Cando? Que significa "islam"? Quen é Alá?  
Trala revelación, comezou a predicar a doutrina por orde de Deus, Alá, dando lugar a unha nova relixión, o **Islam**, que significa "submisión" á vontade de Deus.
5. Cal é o libro sagrado dos musulmáns?  
O **Corán**, que recolle a doutrina predicada por Mahoma.
6. Cales son os cinco piares do Islam?  
Profesión de fe: "Non hai máis deus que Alá e Mahoma é o seu profeta"  
Orar cinco veces ao día en dirección da Meca.  
Peregrinar polo menos unha vez na vida á Meca.  
Xaxún no mes do *Ramadán*.  
Esmola aos necesitados.
7. Cales son os lugares santos do Islam? (páxina 45)  
Os lugares santos do Islam son: A Meca, a cidade de Medina e Xerusalén.

### A expansión islámica

(páxina 46)

8. Que sucedeu no ano 622? Como se chamou? De que se tomou como punto de partida?  
No ano 622 sucedeu a **hégira** ou fuxida de Mahoma da Meca a Medina porque os gardiáns da Kaaba o perseguían por predicar a nova relixión. Este feito é tomado como punto de partida do seu calendario.
9. Cando morreu Mahoma?  
Mahoma morreu no 632.
10. En cantas etapas se desenvolveu a expansión musulmá? Indícaas coas datas.  
A expansión musulmá desenvolveuse en tres etapas: O califato ortodoxo (632-661), o califato omeia (661-750) e o califato abasí (750-1055/1258).
11. Observa a liña do tempo. Onde se estableceron as capitais do Imperio en cada período? A que países pertencen na actualidade? Cal foi o período máis longo? Cantos anos durou?  
Na primeira etapa en Medina, na segunda en Damasco e a terceira en Bagdad. Actualmente estas cidades están situadas en Arabia Saudí, Siria e Iraq. O período máis longo foi o abasí que durou 305/508 anos.
12. Cantos anos tardaron os musulmáns en formar o seu imperio?  
Uns 100 anos, do 661 ao 750 aproximadamente.

13. Como se gobernaba o Imperio? Que poderes posuía?

Por medio dun califa, que concentraba o poder relixioso e político.

14. Que era un *visir*?

Era como un primeiro ministro que dirixía a administración.

15. Quen gobernaba as provincias? Que poderes tiña?

O Imperio organizábase en provincias ou *Koras*, gobernadas por un *emir* ou *valí*, con poderes administrativos e militares (o emir, o valí só administrativos).

16. Cal era a función do *cadí*?

Era un xuíz que administraba xustiza.

## As actividades económicas

(páxina 48)

17. Cal é a base da economía do Imperio musulmá?

A agricultura, aínda que a gandería mantivo a súa importancia nas áreas desérticas.

18. Cal eran as características da agricultura musulmá?

Era unha agricultura caracterizada pola diversidade de cultivos, o emprego de sistemas de regadío e a grande propiedade en mans da aristocracia.

19. Como era a artesanía? E o comercio? Que tipo de produtos se comerciaban principalmente nas longas rutas comerciais?

A artesanía facíase en pequenos talleres, o comercio tiña moita importancia xa que o Imperio beneficiouse da súa posición xeográfica, onde circulaban produtos como metais, peles, sedas, tecidos, sal, especias e escravos.

## A cidade musulmá

(páxina 50)

20. Que funcións tiña a cidade musulmá?

A cidade musulmá era sede do goberno e concentraba as actividades artesanais, comerciais, relixiosas e culturais.

21. Cal eran as súas características?

Estaban amuralladas e tiñan plano irregular, formada por rúas estreitas e retorcidas, organizadas a partir dun núcleo central, a medina, ao que se engadía unha serie de barrios ou arrabaldes.

22. Que era a *medina*?

Era a parte central da cidade. Incluía unha fortaleza e diversos barrios. Incluía tamén unha serie de edificios públicos: a mesquita maior, o zoco, os baños público e celeiros.

23. Indica os principais edificios dunha cidade musulmán e descríbeos.

A mesquita maior era o edificio de oración do venres a mediodía, sede do cadí e a escola coránica.

O zoco era o mercado principal.

Baños públicos, eran para a hixiene dos cidadáns

Os celeiros servían para almacenar mercadorías e servían de hospedaxe dos mercadores.

24. Que son os arrabaldes?

Eran os barrios situados fora das murallas da cidade habitados por persoas de poucos ingresos.

## O legado artístico

(páxina 52 e 53)

25. Cales son as manifestacións artísticas nas que destacan os musulmáns? Por que?

A arquitectura e as artes aplicadas porque a relixión islámica prohibe representar a figura humana e, por extensión, a dos animais.

26. Que tipo de decoración empregaban?

Os motivos principais decorativos foron o autarique (debuxos vexetais estilizados), a lacería (figuras xeométricas) e a epigrafía (inscricións con versículos do Corán).

27. Cal era o edificio máis destacado?

Era a mesquita.


28. Con que partes contaba?

Contaba cun patio (sham) rodeado dun pórtico e onde se situaba a fonte das ablucións (para purificarse antes de orar), cunha torre (alminar ou minarete), desde a cal o almuédano chama aos fieis á oración.

A sala de oración (haram) é un espazo cuberto, dividida en naves que dirixen aos fieis ao muro final (qibla) que estaba dirixido cara á Meca. No seu centro atópase o mihrab (ábsida onde se sitúa o Corán) e o mimbar (púlpito onde está o imán que dirixe a oración).

29. Localiza no debuxo as partes da mesquita.

Pincha aquí para corrixir o exercicio!!! <https://www.youtube.com/watch?v=gP1LwsBs8EQ>



30. Define:

- Mihrab: ábsida onde se sitúa o Corán na mesquita.
- Mimbar: púlpito onde está o imán que dirixe a oración.
- Alminar ou minarete: torre desde a cal o almuédano chama aos fieis á oración.
- Qibla: muro da mesquita dirixido cara á Meca.